# Concello de Lourenzá

## ACTA

| Expediente núm.: | Órgano colexiado: |
|---|---|
| JGL/2020/1 | La Junta de Gobierno Local |

| DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN | |
|---|---|
| **Tipo Convocatoria** | Ordinaria |
| **Data** | 28 de febreiro de 2020 |
| **Duración** | Desde as 9:00 ata as 10:30 horas |
| **Lugar** | Despacho da Alcaldía |
| **Presidida por** | rocio lopez garcia |
| **Secretario** | Begoña González Pedregal |

| ASISTENCIA Á SESIÓN | | |
|---|---|---|
| **DNI** | **Nome e Apelidos** | **Asiste** |
| 33321327P | JAVIER HUERTAS OTERO | SÍ |
| 71865319W | MANUEL ARANGO RON | SÍ |
| 77593740C | Mercedes Dengra Sixto | SÍ |
| 76580879X | rocio lopez garcia | SÍ |

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

## A) PARTE RESOLUTIVA



**Begoña González Pedregal (1 para 2)**
Secretaria - Interventora
Data de Sinatura: 04/03/2020
HASH: 567121f86601f53738f59bc1f9c4a338

**rocio lopez garcia (2 para 2)**
Alcaldesa
Data de Sinatura: 04/03/2020
HASH: 0a7577af002c63a587be12df88f8a92f

Cod. Validación: APAH5JY7X6A3DZ37357HRTP5D | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 26

| **APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE 31/01/2020.** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Preguntados os membros da Xunta de Goberno, pola Alcaldía, se tiñan algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior de data trinta e un de xaneiro dous mil vinte (31/01/2020), e non habendo nada, o borrador da acta foi aprobado por unanimidade dos presentes.

| **Expediente 824/2019.LICENCIA DE SEGREGACIÓN E SIMULTÁNEA AGREGACIÓN DE FINCA DE Dª. ROSALÍA BELÉN FERNÁNDEZ LÓPEZ** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Visto o escrito presentado por Dª. ROSALÍA BELÉN FERNÁNDEZ LÓPEZ, con D.N.I. Nº ****4586P e domicilio en Rúa da Queimada, núm. 16, 2º de Santiago, en representación de D. ANTONIO FERNÁNDEZ VIDAL, con NIF ****2410C, de data 11/11/19, rexistrado co núm. 2398 quen solicita licenza para **SEGREGACIÓN DA FINCA 2428**, do Polígono 8 da zona de concentración parcelaria de Lourenzá Sur, con referencia catastral 27027C008024280000DX e **simultánea agregación** no NÚCLEO RURAL de Igrexa, lugar de Solleiro, parroquia de San Adriano (Lourenzá), para o que acompaña Proxecto de Segregación, de data Agosto/19, redactado por D. Angel Manuel Fernández Rodríguez, Enxeñeiro Técnico Agrícola, colexiado núm.343 e visado co núm.12 o día 13/01/2020.

Visto que no expediente consta informe favorable emitido polo arquitecto técnico D. Francisco Damián Pérez Rodríguez, de data 06/02/2020 e no que consta a normativa aplicable para as segregacións no **SOLO DE NÚCLEO RURAL,** e segundo a cal, para este tipo de solo establécese unha parcela mínima de 400 m2, e en este caso, unha vez realizada a segregación, tanto a finca matriz resultante como a parcela resultante da segregación e agrupación, compren os parámetros urbanísticos de aplicación.

Visto que segundo solicitude e proxecto presentado, a segregación consistiría en segregar 463 m2 pertencentes á finca núm. 4248/8 da zona de Concentración Parcelaria de Lourenzá Sur e agregala en unidade de acto á parcela colindante con referencia catastral 002001200PJ31B0001FE.



Cod. Validación: APAH5JY7X6A3DZ37357HRTP5D | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 26

Visto que tamén consta no expediente informe xurídico favorable de data 06/02/2020.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, ACORDA:

PRIMEIRO.- A autorización da SEGREGACIÓN SOLICITADA E SIMULTANEA AGREGACIÓN sendo as súas condicións específicas as indicadas no informe do Arquitecto Técnico Municipal e que son as seguintes:

A)Segundo a disposición transitoria primeira da Lei 2/2016 do Solo de Galicia nos municipios con plan aprobado definitivamente con anterioridade á lei 2/2016, e non adaptado á lei 9/2002 do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; o solo incluído no ámbito dos núcleos rurais e as súas áreas de influencia ou tolerancia será de aplicación íntegra o disposto no plan respectivo, no noso caso as NNSS de Plan Municipal.

B)De acordo coa normativa citada para o Solo de Núcleo Rural establécese unha parcela mínima de 400 m2; e visto que a finca matriz atópase emprazada dentro do Núcleo Rural de Iglesia, na parroquia de San Adriano, e unha vez realizada a segregación tanto a finca matriz resultante, como a parcela resultante da segregación e agrupación cumpren os parámetros urbanísticos de aplicación, infórmase favorablemente a segregación solicitada. Así mesmo e de acordo co artigo 24 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do Solo de Galicia, nas parcelacións, as persoas propietarias deberán ceder gratuitamente ao Concello os terreos necesarios para apertura e regularización de viais.

**C) SITUACIÓN ACTUAL:DESCRIPCIÓN FINCA MATRIZ**

Finca número 2428 do plano xeral da zona de concentración parcelaria Lourenzá-Sur, que se describe así, rústica terreo dedicado a secaño, ao sitio de ABELAIRA , que linda : Norte, coa finca número 2427 de José María Valiña Bouso construción e estrada; Sur, coa finca número 2429 de Antonio Fernández Vidal, Este con a finca número 2427 de José Maria Valiña Bouso e construción; e oeste coa finca número 2429 de Antonio Fernández Vidal e camiño.

Ten unha extensión superficial de 20 áreas e 30 centiáreas. (2.030 metros cadrados).

Cualificación urbanística: Solo de Núcleo rural

Esta finca divídese nas seguintes;

**D) SITUACIÓN DESPUÉS SEGREGACIÓN:**

**D.1.-FINCA A1 (FINCA MATRIZ RESULTANTE):**

Finca número 2428 do plano xeral da zona de concentración



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: APAH5JY7X6A3DZ37357HRTP5D | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 26

parcelaria Lourenzá–Sur, que se describe así, rústica terreo dedicado a secaño , ao sitio de ABELAIRA , que linda: Norte, coa finca segregada A3 de cesión a viais; Sur , coa finca número 2429 de Antonio Fernández Vidal, Este con a finca segregada denominada A2 e coa finca 2427 de José Maria Valiña Bouso; e oeste coa finca número 2429 de Antonio Fernández Vidal e camiño.

Ten unha extensión superficial de 13 áreas e 33 centiáreas. ( 1.333 metros cadrados).

Cualificación urbanística: Solo de Núcleo rural.

**D.2.- FINCA A2 (FINCA SEGREGADA):**

Finca número 2428-1 do plano xeral da zona de concentración parcelaria Lourenzá–Sur, que se describe así, rústica terreo dedicado a secaño, ao sitio de ABELAIRA , que linda: Norte , coa finca 2427 de José María Valiña Bouso construción e coa finca segregada denominada A3 de cesión a viais; Sur , coa finca matriz resultante; Este con a finca 2427 de José Maria Valiña Bouso e construción; e oeste coa finca segregada denominada A3 de cesión a viais.

Ten unha extensión superficial de 4 áreas e 63 centiáreas. (463 metros cadrados).

Cualificación urbanística: Solo de Núcleo rural

**D.3.-FINCA A3 SEGREGADA PARA CESION AO CONCELLO:**

Finca número 2428-3 do plano xeral da zona de concentración parcelaria Lourenzá–Sur, que se describe así: rústica terreo dedicado a secaño, ao sitio de ABELAIRA , que linda: Norte, coa finca 2427 de José María Valiña Bouso e estrada; Sur, coa finca número 2429 de Antonio Fernández Vidal e coa finca matriz resultante; Este con a finca matiz resultante e coa finca segregada denominada A2; e oeste coa finca 23429 de Antonio Fernández Vidal.

Ten unha extensión superficial de 2 áreas e 34 centiáreas. (234 metros cadrados).

Cualificación urbanística: Solo Non urbanizable de protección viaria

**E) AGREGACIÓN**:

Unha vez realizada esta segregación, a FINCA A2 SERÁ AGREGADA en unidade de acto á parcela lindeira que a continuación se describe:

“Edificación que ocupa a totalidade do solar sobre o que se asenta, identificada co número 19 do lugar de Solleiro, da parroquia de San Adriano, municipio de Lourenzá, , (Lugo) destinada a almacén e local de uso industrial que conta cos servizos propios do seu destino, formada por unha soa nave corrida, de planta baixa, de figura rectangular, construída sobre cimentación e estrutura de



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: APAH5JY7X6A3DZ37357HRTP5D | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 26

formigón armado, pechada perimetralmente con tabiques de ladrillo de dobre oco, cuxa construción data do ano 1978. Ten unha superficie construída de trescentos oitenta e oito metros cadrados (388,00 m2) coincidente coa superficie de parcela ocupada, sendo os súas lindeiros os seguintes:

a)Fronte ou Norte, coa finca número 2428 de Don Antonio Fernández Vidal.

b)Costas ou Sur, coa finca número 2428 citada.

c) Dereita entrando ou Oeste, coa finca 2428 citada.

d) Esquerda ou vento Este, con finca de José María Valiña Bouso"

Cualificación urbanística: Solo de Núcleo rural

**F) FINCA RESULTANTE DA AGREGACIÓN**:

E da agrupación de ambas resulta a seguinte:

Finca número 2428-1 do plano xeral da zona de concentración parcelaria Lourenzá–Sur, que se describe así:

Rústica terreo dedicado a secaño , ao sitio de ABELAIRA, que linda: Norte, coa finca 2427 de José María Valiña Bouso e coa finca segregada denominada A3 de cesión a viais; Sur, coa finca matriz resultante; Este con a finca 2427 de José Maria Valiña Bouso; e oeste coa finca segregada denominada A3 de cesión a viais.

Dentro desta finca existe a seguinte edificación: "Edificación identificada co número 10 do lugar de Solleiro, da parroquia de San Adriano, municipio de Lourenzá, (Lugo) destinada a almacén e local de uso industrial que conta cos servizos propios do seu destino, formada por unha soa nave corrida, de planta baixa, de figura rectangular, construída sobre cimentación e estrutura de formigón armado, pechada perimetralmente con tabiques de ladrillo de dobre oco, cuxa construción data do ano 1978. Ten unha superficie construída de trescentos oitenta e oito metros cadrados (388,00 m2).

Ten unha extensión superficial de 8 áreas e 51 centiáreas. (851 metros cadrados).

Cualificación urbanística: Solo de Núcleo rural.

SEGUNDO.- ACEPTAR a CESIÓN GRATUÍTA PARA APERTURA E REGULARIZACIÓN VIAIS feita por Dª. Rosalía Belén Fernández López en representación de D. Antonio Fernández Vidal, co fin de segregrar a súa propiedade e para unha correcta alineación dos viais, que resultaría ser a Finca número 2428-3 do plano xeral da zona de concentración parcelaria Lourenzá–Sur, que se describe así: rústica terreo dedicado a secaño, ao sitio de ABELAIRA que linda: Norte, coa finca 2427 de José María Valiña Bouso e estrada; Sur, coa finca número 2429 de Antonio Fernández Vidal e coa finca matriz



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: APAH5JY7X6A3DZ37357HRTP5D | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 26

resultante; Este con a finca matiz resultante e coa finca segregada denominada A2; e oeste coa finca 23429 de Antonio Fernández Vidal.

Ten unha extensión superficial de 2 áreas e 34 centiáreas. (234 metros cadrados).

Cualificación urbanística: Solo Non urbanizable de protección viaria

TERCEIRO.- A Autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízos de terceiros.

CUARTO.- Facultar a Sra. Alcaldesa, Dª. Rocío López García, para a sinatura do documento onde se recolla dita cesión así como para o resto de trámites e sinatura de documentos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

**Expediente 121/2018. EXPEDIENTE DE SEGREGACIÓN DO CENTRO DE SAÚDE.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Visto o proxecto de segregación de data 12/Febreiro/2020, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola, D. José López Fernández, colexiado núm.187.

Vistos os informe emitidos polo arquitecto técnico municipal de data 20/02/20 e por Secretaría-Intervención de 20/02/20, obrando ambolosdous no expediente.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal , ACORDA:

PRIMEIRO.-

A)APROBAR, de conformidade co informe do arquitecto técnico municipal , e dado que todas a parcelas compren as condicións de edificación que establece a normativa vixente, a segregación da parcela onde se ubica o Centro de Saúde para poder proceder, posteriormente á cesión do mesmo á Consellería de Sanidade-Servizo Galego de Saúde para a asunción dos costes de mantemento de ditos centros, quedando polo tanto a referida segregación da forma que se indica a continuación:

Á parcela obxecto de división sonlle de aplicación as NNSS de Planeamento Municipal do Concello de Lourenzá, concretamente a ordenanza 04 Dotacional – Equipamentos sendo os seus parámetros de edificabilidade o que se indican a continuación:



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: APAH5JY7X6A3DZ37357HRTP5D | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 26

Edificabilidade : 1 m2/m2
Altura máxima: 3 plantas
Usos permitidos: Equipamento residencial, Garaxe exclusivamente en categoría 6ª, Espectáculos e salas de reunión, Sociocultural, docente e asistencial, Sanitario, Deportivo e Relixioso.

B) As segregacións que se pretenden son as que se describen a continuación:

I.-DESCRIPCIÓN FINCA MATRIZ:

A finca propiedade do Concello de Lourenzá descríbese da seguinte maneira no título:

"Municipio de Lorenzana.- Parroquia de Villanueva, y denominación de VEIGA DO ATRIO, solar de tres mil catrocentos sesenta e un metros cadrados. Linda: Norte o esquerda, couce o presa dos muíños de Palacios; Sur, ou dereita entrando, e Leste ou costas,, máis de dona Trinidad López Fernández e Oeste, ou fronte, en parte camiño denominado Carreira do Muiño do Frade e no resto muro propio de herdeiros de Concepción Palacios."

INSCRIPCIÓN: Figura inscrita no Rexistro da propiedade de Mondoñedo ao Tomo 481, Libro 75, folio 88, finca número 8236, Inscrición 1ª.

Os lindes actuais son:

a) Norte o esquerda, couce o presa dos muíños de Palacios.
b) Sur, o dereita entrando con rúa Muíño do Frade e finca de herdeiros de Rosa Mª González López.
c) Leste ou costas, finca de herdeiros de Dª. Trinidad López Fernández.
d) Oeste o fronte, a rúa Muíño do Frade e o resto muro propio de Dª. María Dolores Vales Palacios.

II.-Unha vez realizada a segregación proposta, as novas parcelas quedarían da forma que a continuación se indica:

1.- PORCIÓN POLA ESQUINA NORESTE DESTINADA A CENTRO DE SAÚDE.

No termo municipal de Lourenzá (Lugo), parroquia de Santa María (Vilanova) e na denominación de "VEIGA DO ATRIO NORESTE", un solar da superficie de novecentos setenta e oito metros cadrados (978,00 m²), que linda Norte o esquerda, couce o presa dos muíños de Palacios; Sur, resto de finca matriz destinada a aparcamento de vehículos; Leste ou costas, máis de Dona Trinidad López Fernández (hoxe os seus herdeiros); Oeste, con resto de finca matriz destinada a piscina municipal.

Enclavada nesta parcela se atopa o Centro de Saúde de Lourenzá da superficie construída (incluíndo aleiros) de catrocentos corenta e cinco metros cadrados (445,00 m²).



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: APAH5JY7X6A3DZ37357HRTP5D | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 26

Referencia Catastral: 7948004PJ3174N0001YF.

Cualificación Urbanística: Solo Urbano, Ordenanza 04 Dotacional-Equipamentos.

Coordenadas da Finca Segregada (978 m2):

| Núm. | X | Y |
|---|---|---|
| 1 | 637748.15 | 4814681.02 |
| 2 | 637748.74 | 4814682.38 |
| 3 | 637758.03 | 4814703.63 |
| 4 | 637758.07 | 4814703.73 |
| 5 | 637758.74 | 4814705.14 |
| 6 | 637759.00 | 4814705.70 |
| 7 | 637768.40 | 4814700.62 |
| 8 | 637776.99 | 4814696.27 |
| 9 | 637782.57 | 4814693.81 |
| 10 | 637786.81 | 4814692.25 |
| 11 | 637790.04 | 4814690.80 |
| 12 | 637793.57 | 4814689.45 |
| 13 | 637793.04 | 4814688.41 |
| 14 | 637792.65 | 4814687.66 |
| 15 | 637792.34 | 4814687.06 |
| 16 | 637781.45 | 4814666.00 |
| 17 | 637776.00 | 4814668.47 |
| 18 | 637750.42 | 4814680.00 |
| 19 | 637748.15 | 4814681.02 |

_

2.- PORCIÓN POLA ESQUINA NOROESTE DESTINADA A PISCINA MUNICIPAL.

No termo municipal de Lourenzá (Lugo), parroquia de Santa María (Vilanova) e na denominación de “VEIGA DO ATRIO NOROESTE”, un solar da superficie de mil seiscentos vinte e sete metros cadrados (1.627,00 m²), que linda Norte o esquerda, couce o presa dos muíños de Palacios; Sur, resto da finca matriz destinada a beirarúas, acceso de vehículos; Leste ou costas, finca segregada anteriormente e resto de finca matriz; e Oeste, ou fronte, con Rúa Muíño do Frade e ou resto con muro propio de herdeiros de Concepción Palacios, hoxe de María Dolores Vales Palacios.

Se atopa valado por todos os seus ventos. Nesta finca se encontra a piscina municipal composta por dous vasos, un grande de 269,00 m² e outro pequeno de 13,00 m² e as construcións accesorias de 86,00 m².

Referencia Catastral: 7948003PJ3174N0001BF.

Cualificación Urbanística: Solo Urbano, Ordenanza 04 Dotacional-Equipamentos.

Coordenadas de la Finca Segregada (1.627 m2):

_



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: APAH5JY7X6A3DZ37357HRTP5D | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 26

| Núm. | X | Y |
|---|---|---|
| 1 | 637746.03 | 4814676.16 |
| 2 | 637729.68 | 4814683.33 |
| 3 | 637722.61 | 4814686.44 |
| 4 | 637717.82 | 4814688.59 |
| 5 | 637714.82 | 4814690.82 |
| 6 | 637712.20 | 4814692.71 |
| 7 | 637711.52 | 4814693.20 |
| 8 | 637710.01 | 4814694.40 |
| 9 | 637707.54 | 4814696.38 |
| 10 | 637706.95 | 4814696.86 |
| 11 | 637710.15 | 4814705.62 |
| 12 | 637711.67 | 4814709.79 |
| 13 | 637712.20 | 4814711.24 |
| 14 | 637715.29 | 4814719.69 |
| 15 | 637716.05 | 4814732.92 |
| 16 | 637717.81 | 4814733.69 |
| 17 | 637718.32 | 4814734.19 |
| 18 | 637724.55 | 4814730.19 |
| 19 | 637739.30 | 4814717.39 |
| 20 | 637743.09 | 4814714.49 |
| 21 | 637747.05 | 4814711.70 |
| 22 | 637759.00 | 4814705.70 |
| 23 | 637758.74 | 4814705.14 |
| 24 | 637758.07 | 4814703.73 |
| 25 | 637758.03 | 4814703.63 |
| 26 | 637748.74 | 4814682.38 |
| 27 | 637748.15 | 4814681.02 |
| 28 | 637746.03 | 4814676.16 |

3.-RESTO DE FINCA MATRIZ DESPOIS DAS DÚAS SEGREGACIÓNS: PARCELA VIAIS MUNICIPAIS.

O resto de finca matriz, despois das dúas segregacións, descríbese así:

No termo municipal de Lourenzá (Lugo), parroquia de Santa María (Vilanova) e na denominación de "VEIGA DO ATRIO", un solar da superficie de Oitocentos cincuenta e seis metros cadrados (856,00 m2) que linda: Norte o esquerda, coas fincas segregadas; Sur o dereita entrando, coa Rúa Muíño do Frade e finca de herdeiros Rosa Mª González López; Leste, coa finca de Dª. Trinidad López Fernández (hoxe os seus herdeiros); e Oeste ou fronte, coa Rúa Muíño do Frade e parcela segregada "Veiga do Atrio Noroeste".

Está destinada a beirarúas, aparcamento e accesos á piscina e para o Centro de Saúde.

Dado que todas as parcelas compren as condicións de edificación



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: APAH5JY7X6A3DZ37357HRTP5D | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 26

que establece a normativa vixente se informa favorablemente a segregación solicitada.

Cualificación Urbanística: Solo Urbano. Sistema Viario.

SEGUNDO.- Achegar certificación do presente acordo á Notaría de Mondoñedo para a súa elevación a escritura pública e poder proceder, posteriormente, a súa inscrición no Rexistro da propiedade do ben que será obxecto de cesión.

TERCEIRO.- Facultar a Sra. Alcaldesa, Dª. Rocío López García, para a sinatura do documentos e xestión de trámites que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

**Expediente 476/2019. Licenzas Urbanísticas. COMUNIDAD PROPIETARIOS CARLOS PEREGRÍN OTERO NÚM. 7. SUBSTITUCIÓN DE GALERÍAS**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Vista a solicitude de licencia formulada pola COMUNIDAD DE PROPIETARIOS CARLOS PEREGRIN NÚM. 7, con CIF. H2723599, e na sua representación Dª. María José Jiménez Torres, con NIF. Núm. ****4318A, con domicilio en C/Carlos Peregrín Otero, núm. 7-3º esqda., parroquia de Santa María (Lourenzá), para a realización de los trabajos consistentes en SUBTITUCIÓN DE GALERÍAS EN FACHADA PRINCIPAL en C/ Carlos Peregrín Otero núm. 7, parroquia de Santa María (Lourenzá), con referencia catastral 8047004PJ3184N0001JK.

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 13/02/20 a saber:

- Estrita suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Solo Urbano- Ordenanza 01A- Residencial Intensiva en Líña.
- Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
- As obras solicitadas refírense a substitución da carpintería da fachada principal, obra de escasa complexidade técnica e que non



Cod. Validación: APAH5JY7X6A3DZ37357HRTP5D | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 26

supón alteración do volume polo que se entende que se trata de una obra menor para a que non é necesario proxecto técnico e non e necesario informe da Consellería de Cultura de acordo co disposto na Resolución de 2 de agosto de 2019, do Instituto Galego de Vivenda e Solo, no seu apartado cuarto, *punto III.- Actuacións en edificios sen protección cultural específica situados no entorno de protección dun inmoble singular declarado BIC ou dun ben catalogado.*

-Teranse en conta as condicións xerais e particulares que figuran na Resolución emitida por Augas de Galicia con data 28/05/19 e que se transcriben literalmente:

"*A.-XERAIS:*

*1.- As obras que se autorizan son as que se definen na documentación técnica que consta no expediente da clave referida, en canto non resulten modificadas polas presentes condicións.*

*2.- Outórgase esta autorización sen prexuízo de terceiro, salvando o dereito de propiedade, coa obriga de executar as obras conservando as servidumes legais existentes.*

*3.-Toda modificación das características da presente autorización requirirá a previa aprobación de Augas de Galicia.*

*4.- A inspección e vixilancia das obras, tanto durante a súa construción como no período de explotación, estarán a cargo de Augas de Galicia, sendo por conta do beneficiario as remuneracións e gastos que por ditos conceptos se orixinen, segundo as disposicións vixentes.*

*5.- Esta autorización queda suxeita ás disposicións vixentes ou que no sucesivo se diten, relativas a contratos e accidentes de traballo e demais de carácter social, así como en xeral ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de pesca fluvial e ás prescricións específicas que lle sinale o ente competente en materia de calidade medio-ambiental, ante o que responderá do seu cumprimento.*

*6.- O titular da autorización será responsable de cantos danos e perdas poidan ocasionarse a intereses públicos ou privados como consecuencia das obras que se autorizan, quedando obrigado á súa indemnización e a realizar os traballos que a administración lle ordene para a extracción dos cascallos vertidos ó leito durante a execución das mencionadas obras. Será tamén responsable da conservación en bo estado das obras e instalación que se autorizan.*

*7.- Esta autorización poderá ser revogada polo incumprimento da calquera das súas condicións e nos casos previstos nas leis, declarándose a revogación por resolución motivada de Augas de Galicia, quen poderá adoptar as medidas que considere necesarias para garantir as condicións normais de desaugue e o respecto as servidumes legais.*

*8.- Esta autorización é independente de todas aquelas que, en virtude das disposicións legais vixentes, teñan que ser outorgadas por outros organismos ou administracións, e, en particular, da licenza municipal de obras.*

*B.-PARTICULARES:*

*1.-A actuación consistirá na execución de obras de substitución de galerías da fachada principal na Rúa Carlos Peregrín Otero núm.7, na parcela con referencia catastral 8047004PJ3184N0001JK,na parroquia de Santa María , no concello de Lourenzá (Lugo).*

*2.- Esta autorización outórgase sobre a base de que se trata de obras de conservación e mantemento que consisten na substitución de elementos xa existentes por outros de similares características sen modificar as alineacións nin o volume existente, e que polo tanto non deberían aumentar a afección existente respecto ao dominio público hidráulico e/ou as súas marxes sempre que se realice cuncha correcta execución.*

*As obras que se autorizan deberán limitarse aos traballos sinalados, sen aumentar*



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: APAH5JY7X6A3DZ37357HRTP5D | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 26

*as dimensións nin en forma nin en volume construído da edificación, sen que esta autorización supoña a legalización de obra existente.*

*3.- A execución das obras non afectará ao cumprimento das funcións da zona de servidume de leitos. (5 m. medidos a partir do bordo ocupado polas augas nas máximas enchentes ordinarias dos dos ríos e regatos), quedando en todo caso expedita.*

*4.- Advírteselle ao titular que segundo os Mapas de Perigosidade e Risco de Inundación desenvolvidos por este organismo de conca, o río Baos, en parte da zona das actuacións, están considerados dentro das Areas de Risco Potencial Significativo de Inundación (ARPSI) de Galicia Costa. A estes efectos, o titular deberá tomar as medidas que considere axeitadas en materia de protección civil e será responsable dos danos que se poidan producir derivados da súa situación respecto do río.*

*Así mesmo, de conformidade coa normativa do Plan Hidrolóxico e o Regulamento do Dominio Público Hidráulico, o promotor presenta o 14/05/2019 unha declaración responsable na que expresa que coñece e asume o risco existente e as medidas de protección civil aplicables ao caso, comprometéndose a trasladar esa información aos posibles afectados, con independencia das medidas complementarias que estime oportuno adoptar para a súa protección.*

*O interesado debe dar cumprimento efectivo e tanxible ao contido da declaración responsable e xurada achegada.*

*Deberá ter en conta este feito por se pode interferir na execución das actuacións.*

*A estes efectos extremaranse as medidas de seguridade na execución das actuacións debido á localización das actuacións na Área de Risco Potencial Significativo de Inundación, polo que as obras non se executarán en época de chuvias e deberá estar atento aos episodios meteorolóxicos.*

*A zona de fluxo preferente e inundable poden consultarse no visor da web de Augas de Galicia, na seguinte ligazón: http://visorgis.cmati.xunta.es/dhgc/.*

*5.- Para a realización dos traballos non se invadirán os leitos públicos con maquinaria nin con andamios nin se vadearán.*

*6.-Non se executará a corta de exemplares de especies arbóreas de vexetación de ribeira, salvo que se dispoña da previa autorización do organismo de conca.*

*7.- Evitaranse as escorrentías e enturbamentos das augas, polo que as obras se executarán en condicións climatolóxicas favorables. No caso de ser necesarios durante a execución das obras, implementaranse sistemas físicos/barreiras.*

*8.- Durante a execución das obras e unha vez rematadas as obras, non se deixarán materiais ou residuos no cauce nin nas súas inmediacións (zona de servidume, zona de policía, zona de fluxo preferente e zona inundable do rego), nin en lugares susceptibles de incorporarse a él durante as enchentes ou por episodios de choivas. Extremaranse as precaucións coa retirada de todo tipo de cascallos e material de refugallo das marxes, co obxecto de reducir posibles alteracións na calidade da auga circulante ou na capacidade hidráulica do canle.*

*9.- Durante a execución das obras evitaranse o vertido de produtos contaminantes ou materiais de obra cara aos leitos, na zona de servidume de leitos ou en calquera lugar no que poda ser alcanzado polas enchentes ou durante episodios de choivas (zona de servidume, zona de policía, zona de fluxo preferente e zona inundable). De xeito especial prohíbese expresamente verter no propio leito do río restos de formigón, cemento, morteiros, pinturas ou outros materiais empregados na construción, ou lavar materiais ou ferramenta que estiveran en contacto con eles, así como cambio de aceite de maquinaria de construción.*

*10.-En todo caso debe quedar garantido o cumprimento dos valores admitidos para os parámetros que determinan a calidade mínima esixible ás augas continentais, establecidos no Anexo V do Decreto 130/1997 polo que se aproba o Regulamento de pesca fluvial de Galicia e a consecución dos obxectivos ambientais para a masa de auga segundo o Plan Hidrolóxico Galicia Costa 2016-2021 así como os preceptos do Real Decreto 817/2015 de 11 de setembro polo que se establecen os criterios de seguimento e avaliación do estado das augas superficiais e as normas de calidade ambiental e o Real*



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: APAH5JY7X6A3DZ37357HRTP5D | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 26

*Decreto 1514/2009, de 2 de outubro, polo que se regula a protección das augas subterráneas contra a contaminación e o deterioro.*

*11.-No caso de que para a execución das obras sexa necesario a colocación de maquinaria, andamios ou estruturas auxiliares temporais similares no exterior do edificio, estas colocaranse fóra da zona de servidume de leitos e na zona de fluxo preferente e zonas inundables e, en todo caso, adoptaranse as medidas necesarias para asegurar a estabilidade delas así como todas as medidas de seguridade precisas; colocaranse o tempo mínimo imprescindible e estarase atento aos episodios meteorolóxicos.*

*12.-Será responsabilidade do solicitante a adopción e transmisión ós usuarios das posibles medidas de prevención e/ou protección de bens e persoas a adoptar no caso de producirse enchentes que puideran afectar á construción.*

*13.- Os residuos xerados durante a actuación deberán ser xestionados adecuadamente de acordo coa lexislación vixente.*

*14.- Unha vez rematadas as obras ou durante a súa execución, en todas aquelas zonas que dalgún xeito sufrisen unha degradación ( tránsito de maquinaria pola zona de policía) procederase a súa rehabilitación, descontaminando a terra, se fora preciso, aportando terra vexetal, sementando, plantando , etc. ata conseguir a súa situación primitiva.*

*15.- As obras deberán estar rematadas no prazo de DOCE (12) MESES, a partir do día seguinte ao da notificación da presente resolución, extinguíndose a validez da presente autorización unha vez transcorrido este prazo. No caso de non poder executalas no prazo establecido deberá solicitar prórroga con antelación suficiente á finalización do prazo establecido.*

*16.- Rematadas as obras comunicaráselle a Augas de Galicia, que procederá ó seu recoñecemento final nos casos en que o considere oportuno."*

- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar catrocentos cincuenta e seis euros con doce céntimos (456,12) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en quince mil douscentos catro euros con vinte e catro céntimos (15.204,24.-). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Expediente 480/2019. LICENCIAS URBANISTICAS. REHABILITACION CUBERTA. D. ALEJANDRO FERNÁNDEZ REIGOSA**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Á vista da solicitude de licencia formulada por D. ALEJANDRO FERNÁNDEZ REIGOSA con NIF. ****5336H, con domicilio no lugar de Pateira de Arriba, núm. 3 , parroquia de Santo Adrao (Lourenzá), con data 24/06/2019, e núm. 1248 de rexistro de entrada, para a realización dos traballos consistentes en REHABILITACIÓN DE CUBERTA, CON SUBSTITUCIÓN DE LOUSA, COLOCACIÓN DE UN



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: APAH5JY7X6A3DZ37357HRTP5D | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 26

CANALON, UNHA BAIXANTE E UNHA VENTÁ NO FALDÓN DE CUBERTA DE EDIFICACIÓN EXISTENTE no lugar de Paterira de Arriba núm. 4, parroquia de Santo Adrao (Lourenzá), con referencia catastral da parcela 27027C008025200000DM e da edificación 002509600PJ31B0001RE, na parcela 2520 do Polígono 8 da Zona de Concentración Parcelaria de Lourenzá Sur, para o que acompaña Memoria Técnica Valorada de data juño/2019 redactada por D. Oscar López Alba, arquitecto técnico colexiado núm. 2576 del COAAT.

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 13/02/20 a saber:

- Estrita suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Solo Rústico de Protección Agropecuaria.
-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
- Non se alterarán as aliñacións ni volumes existentes.
- As obras solicitadas refírense á substitución de material de cubrición de lousa, colocación dun canlón , unha baixante e dunha xanela no faldón de cuberta, sen que afecten á estrutura, obras de escasa complexidade técnica e que non supón alteración do volume polo que se entende que se trata dunha obra menor para a que non é necesario Proxecto Técnico .
- Por tratarse dunha obra exteriormente sen rematar deberá enfoscar e pintar con cores tradicionais da zona, as zonas con ladrillo ( modifícase o orzamento para incluír estas obras).
- Figura no expediente informe da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, de data 25/10/2019 no que se fai constar que en data 22/10/2018 foi solicitado polo Concello de Lourenzá informe do mesmo promotor, localización e características, o cal foi informado favorablemente en data 03/12/2018 e neste novo informe indícase que as modificacións presentadas con relación á solicitude de data 25/10/2018 non alteran o informe de data 3/12/2018.

Ambas intervencións refírense a edificacións colindantes, coa mesma referencia catastral 002509600PJ31B0001RE e ambos informes son complementarios e válidos para ambas.

Teranse en conta o informe da Consellería de Medio Rural de data 25/10/19, expediente A12X00508, no que consta literalmente:



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: APAH5JY7X6A3DZ37357HRTP5D | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 26

*"A parcela 2520 do polígono 8 sobre a que se asenta a construción de referencia catastral 002509600PJ31B0001RE obxecto da solicitude tería a condición de solo rústico de especial protección agropecuaria segundo o disposto no artigo 34.2 da Lei 2/2016 de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, dado que se trata de terreos que foron obxecto de concentración parcelaria con resolución firme dentro da zona de concentración denominada Lourenzá Sur. As actuacións pretendidas consisten na substitución de lousa existente por unha nova cubrición con lousa irregular ou lousa do país xunto con canalón e baixante, mantendo a estrutura existente. Faise constar que o 22 de outubro de 2018 xa foi solicitada polo Concello de Lourenzá a emisión dun informe sectorial para o mesmo promotor, ubicación e características, sendo que naquel caso tamén se contemplaba a substitución da estrutura de cangos de madeira, o dito proxecto foi informado favorablemente por este Servizo con data de sinatura o 3 de decembro do 2018.*

*As modificacións presentadas en relación coas recollidas no proxecto inicial pola súa escada entidade, non alteran os efectos do informe emitido no seu día polo que por parte deste Servizo de Infraestruturas Agrarias de Lugo non se formula oposición no ámbito das súas competencias, sen prexuízo dos demais informes, autorizacións e permisos que conforme a lexislación vixente deban prestar outras administración ou organismos públicos competentes."*

- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar douscentos un euros con vinte e nove céntimos (201,29) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en seis mil setecentos nove euros con sesenta céntimos (6.709,60.-). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

| **Expediente 909/2019.SOLICITUD Á SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE PATRIMONIO DA PARCELA 1152-5 LOURENZÁ-NORTE.** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Visto o escrito achegado pola Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio, da Consellería de Facenda, de data 11/02/2020,



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: APAH5JY7X6A3DZ37357HRTP5D | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 26

*<u>ASUNTO: OTR/2020/002-Solicitando información sobre a parcela 1152 do polígono 5,</u>* e que tivo entrada nestas oficinas municipais o día 12/02/20 sendo rexistrado de entrada co num. 2020-E-RC-435 , e polo que se indica que, segundo o establecido no artigo 82 da Lei 5/2011, de 30 de setembro, do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia: “ *os bens e dereitos patrimoniais da Comunidade Autónoma de Galicia poden ser cedidos gratuitamente para a realización de fins de utilidade pública ou interese social a outras administracións públicas, fundacións públicas e entidades sen ánimo de lucro”.*

Pola Alcaldía informouse que se trataba da parcela 1152 do polígono 5 da Zona de Concentración Parcelaria de Lourenzá Norte, que se atopa no lugar de O Catro, parroquia de Santa María do Concello de Lourenzá, na marxe esquerda da estrada N-634, sobre o punto quilométrico 580,850 e con Referencia Catastral: 27027B005011520000LE.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, ACORDA:

<u>PRIMEIRO.-</u> Solicitar á Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda, ó abeiro do artigo 82.1 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, a cesión gratuíta da parcela 1152 do polígono 5 da Zona de Concentración Parcelaria de Lourenzá Norte, sita no Lugar de O Castro, parroquia de Santa María do Concello de Lourenzá, que se atopa na marxe esquerda da estrada N-634, sobre o punto quilométrico 580,850, que servirá para a instalación de antenas de telefonía de cobertura municipal.

Dita parcela é de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia, e está inscrita o Rexistro da Propiedade de Mondoñedo, como finca 9304.0, en el Tomo 696, Libro 82, folio 76.

<u>Referencia Catastral:</u> 27027B005011520000LE.

<u>SEGUNDO.-</u>Dita parcela terá carácter demanial e será incorporada ao patrimonio público do solo.

<u>TERCEIRO.-</u>Asumir que serán a cargo do Concello os costos do outorgamento das escrituras públicas de formalización da cesión de dita finca así como os impostos derivados da transmisión, incluído, o do incremento de valor dos terreos.

<u>CUARTO.-</u> Facultar á Sra. Alcaldesa, Dª. Rocío López García, para a sinatura de documentos e xestión de trámites que sexan necesarios para a execución do presente acordo

<u>QUINTO.-</u> Achegar certificación do presente acordo á Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda,

Cod. Validación: APAH5JY7X6A3DZ37357HRTP5D | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 26



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**Expediente 84/2020. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA 30/01/2020. INFRAESTRUCTURAS USO PÚBLICO.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Neste punto, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos concelleiros presentes e que constitúen o seu número legal, ACORDÓU ratificar a Resolución da Alcaldía de data 30/01/2020 que se transcribe:

*"Vista a Orde de 12 de decembro de 2019 publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 247 do 30/12/19 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2019, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida.*

*Visto que se trata dunha oportunidade importante para a mellora da iluminación do Campo de Fútbol Municipal por considerse prioritario para a mellora dunha infraestrutura existente de cara ao seu uso polos deportistas, adestradores e acompañantes, dotándoo de catro torres de iluminación con Leds.*

*Esta Alcaldia en virtude das atribucións que lle veñen conferidas pola lexislación vixente,*

*VEN EN RESOLVER:*

*PRIMEIRO: Solicitar ao abeiro da Orde de 12 de decembro de 2019 publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 247 do 30/12/19 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2019, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida a unha subvención para "MELLORA DAS INSALACIÓNS DEPORTIVAS DO CONCELLO DE LOURENZA", por importe de corenta e catro mil catrocentos dezaoito euros con oitenta e seis céntimos (44.418,86) que corresponden ao 80 por cento do presuposto da obra, ascendendo a execución material á cantidade de corenta e cinco mil oitocentos oitenta e sete euros con vinte e cinco céntimos (45.887,25), o I.V.A. ascende á cantidade de nove mil seiscentos trinta e seis euros con trinta e dous céntimos (9.636,32) e o presuposto total ascende á cantidade de cincuenta e cinco mil cincocentos vinte e tres euros con cincuenta e sete céntimos (55.523,57) comprometéndose o Concello ao abono da parte non subvencionada, e dicir, once mil cento catro euros con setenta e un céntimos (11.104,71).*

| *PRESUPOSTO TOTAL* | *PRESUPOSTO SEN IVE* | *IVE* | *SUBVENCIÓN SOLICITADA* | *APORTACIÓN CONCELLO* |
|---|---|---|---|---|
| *55.523,57* | *45.887,25* | *9.636,32* | *44.418,86* | *11.104,71* |

*SEGUNDO: Aprobar a Memoria Valorada, redactada pola Arquitecta Dª.*



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: APAH5JY7X6A3DZ37357HRTP5D | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 26

| |
|---|
| *Marta Sánchez Seivane por importe de cincuenta e cinco mil cincocentos vinte e tres euros con cincuenta e sete céntimos (55.523,57).*<br>*<u>TERCEIRO:</u> Aceptar integramente os termos e prescricións, incluídas as de financiamento, contidas na Orde de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 12 de decembro de 2019.*<br>*<u>CUARTO:</u> Ratificar a presente Resolución na primeira Xunta de Goberno Local que se celebre.*<br>*Mandouno e asinao a Sra. Alcaldesa Presidente en Lourenzá a trinta de xaneiro de dous mil vinte."* |

<table>
<tr><td colspan="2">Expediente 125/2020. RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN DA ALCALDIA SOLICITANDO SUBVENCIÓN FONDO COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2020.l</td></tr>
<tr><td>Favorable</td><td>Tipo de votación:<br>Unanimidade/Asentimento</td></tr>
<tr><td colspan="2">Neste punto do orde do día, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes ratificou a Resolución da Alcaldía de data 17/02/2020 na que se solicitou unha subvención á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ao abeiro da Orde do 19de Decembro de 2019, <u>pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2020</u> sendo do seguinte tenor literal, a solicitude:<br>"<u>RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA</u><br>Dona ROCÍO LÓPEZ GARCÍA, Alcaldesa-Presidente do Concello de Lourenzá (Lugo), no nome e representación que do mesmo ostenta, de conformidade coas atribucións que lle veñen conferidas pola Lexislación Vixente e vista a ORDE do 19 de Decembro de 2019 de VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2020, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia, VEN A RESOLVER:<br><u>PRIMEIRO.-</u> Solicitar subvención á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ao abeiro da Orde do 19 de Decembro de 2019, pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2020 para o investimento "<u>ADQUISICIÓN DE VEHICULO PARA LIMPEZA E MANTEMENTO DOS ESPAZOS NATURAIS E PROTECCIÓN</u></td></tr>
</table>



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: APAH5JY7X6A3DZ37357HRTP5D | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 26

*<u>MEDIOAMBIENTAL DO CONCELLO DE LOURENZÁ”</u>, baixo a liña de concorrencia competitiva, unha subvención por importe de TRINTA E DOUS MIL (32.000,00) EUROS, o que supón o 80% do presuposto total presentado que ascende á cantidade de CORENTA MIL (40.000,00) EUROS, desglosado do seguinte xeito:*

| *EQUIPAMENTO SOLICITADO CONCELLO LOURENZÁ* | *ORZAMENTO* | *SUBVENCIÓN SOLICITADA (80%)* |
|---|---|---|
| *PALA RETROEXCAVADORA MIXTA - IVE INCLUIDO* | *40.000,00 €* | *32.000,00 €* |
| *TOTAL* | *40.000,00 €* | *32.000,00 €* |

*<u>SEGUNDO.-</u> Incluír na solicitude de subvención os gastos correspondentes ao IVE posto que, de conformidade co disposto no artigo 4.2c) da Orde ao abeiro da que se solicita a subvención, este Concello, como beneficiario, abónao directamente e non é susceptible de recuperación.*

*<u>TERCEIRO.-</u> Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na citada Orde, comprometéndose, no caso de que se conceda a subvención, a achega municipal refrexada no punto segundo con cargo aos presupostos municipais do presente exercicio.*

*<u>CUARTO.-</u> Comprometerse á utilización da lingua galega na realización das actividades para as cales se solicita a axuda así como a responder de forma solidaria tanto da execución do proxecto como da aplicación solidaria da subvención.*

*<u>QUINTO</u>.- Ratificar esta resolución na próxima Xunta de Goberno Local."*

**ALTA SAF LIBRE CONCORENCIA DE Dª.ASUNCIÓN VIDARTE PÉREZ.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Visto Informe-Técnico da Traballadora Social do Concello relativa ao alta no Servizo de Axuda no Fogar de Dª. ASUNCIÓN VIDARTE PÉREZ con DNI. núm. ****29OOQ, con domicilio en A Tilleira núm. 9 da Parroquia de Santa María deste termo, a Xunta de Goberno, á vista do informe emitido pola Traballadora Social, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:

Darse por enterada do alta no servizo de “Axuda no Fogar”, a través do sistema de dependencia a Dª. ASUNCIÓN VIDARTE PÉREZ de 20 horas ao mes polo que deberá abonar cen euros (100,00) mensuais._



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cód. Validación: APAH5JY7X6A3DZ37357HRTP5D | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 26

| ALTA SAF DEPENDENCIA DE Dª. CELIA DOCAMPO OTERO. | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista a comunicación da Traballadora Social do Concello relativa ao alta no Servizo de Axuda no Fogar de Dª. CELIA DOCAMPO OTERO con DNI. núm. ****2900Q, con domicilio en O Castro, núm. 1 da Parroquia de Santa María deste termo, a Xunta de Goberno, á vista da comunicación emitida pola Traballadora Social, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:

Darse por enterada do alta no servizo de "Axuda no Fogar", a través do sistema de dependencia a de Dª. CELIA DOCAMPO OTERO de 70 horas ao mes polo que deberá abonar cento cincuenta e sete euros con noventa e cinco céntimos (157,95) mensualmente o que supón o 18,35% da súa capacidade económica. _

| REDUCCIÓN HORAS SAF DEPENDENCIA Dª. MARIA CAJOTO CUADRADO. | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista a solicitude de Dª MARIA CAJOTO CUADRADO, con D.N.I. nº ****2934G, con domicilio en Avda. do Val, núm 3, 3º A da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, así como o informe emitido pola Traballadora Social do Concello, relativo a reducción de horas no Servicio de Axuda no Fogar deste Concello pasando a 20 horas/mes, a Xunta de Goberno, en votación ordinaria e por unanimidade, acuerda:

Conceder a redución do servicio de "Axuda no Fogar" a Dª. MARIA CAJOTO CUADRADO pasando a dispoñer de dito servicio 20 horas ao mes polo cal lle corresponde abonar trinta e tres euros con corenta céntimos (33,40) mensualmente o que supón a 1,67 euros/hora.

| ALTA SAF POLA DEPEDENCIA DE DONA Mª ESTRELLA PEDREIRA CAYEIRO | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: APAH5JY7X6A3DZ37357HRTP5D | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 20 a 26

Vista a comunicación da Traballadora Social do Concello relativa ao alta no Servizo de Axuda no Fogar de Dª. Mª ESTRELLA PEDREIRA CAYEIRO con DNI. núm. ****7693J, con domicilio en Arroxo, núm. 8 da Parroquia de Santa María deste termo, a Xunta de Goberno, á vista da comunicación emitida pola Traballadora Social, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:

Darse por enterada do alta no servizo de "Axuda no Fogar", a través do sistema de dependencia a de Dª. ESTRELLA PEDREIRA CAYEIRO de 20 horas ao mes polo que deberá abonar corenta e seis euros (46,00) mensuais que supón 2,30 euros/hora. _

| BAIXA SAF LIBRE CONCORRENCIA DE Dª. DORINDA VIDARTE PÉREZ. | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Visto informe da Traballadora Social de data 31/01/20, relativo a extinción do servizo de axuda no fogar de Dª. DORINDA VIDARTE PÉREZ con D.N.I. nº ****7815C con domicilio en Condomiña, núm. 8 da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, por renuncia da beneficiaria, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:

Conceder a EXTINCION do servizo de "Axuda no Fogar" de Dª. Dorinda Vidarte Pérez.

| BAIXA SAF DEPENDENCIA DE DONA Mª MAGDALENA GARCIA ALVAREZ | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Visto informe da Traballadora Social de data 18/02/20, relativo a extinción do servizo de axuda no fogar de Dª. Mª MAGDALENA GARCÍA ALVAREZ con D.N.I. nº ****1085H con domicilio en Nogueiredo núm. 11 da Parroquia de San Adriano deste Termo Municipal, por falecemento da beneficiaria, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:

Conceder a EXTINCION do servizo de "Axuda no Fogar" de Dª.



Cod. Validación: APAH5JY7X6A3DZ37357HRTP5D | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 21 a 26

| |
|---|
| Magdalena García Alvarez. |

| | |
|---|---|
| **Expediente 144/2020. ALTA NO PADRÓN DE RECOLLIDA DE LIXO. Dª SILVIA BLANCO GONZÁLEZ** | |
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista solicitude núm. 514/2020 subscrita por Dª. SILVIA BLANCO GONZÁLEZ, con N.I.F. núm. ****9781P, con domicilio en Calvo Sotelo, 32A, 3º E da Parroquia de Santa María deste Termino Municipal, na que solicita o alta no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en Calvo Sotelo, 32A, 3º E da Parroquia de Santa María deste Termino Municipal.

Por unanimidade e en votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar dita alta con efectos do primeiro trimestre de 2020.

| | |
|---|---|
| **Expediente 103/2020. CAMBIO TITULARIDADE RECOLLIDA DE LIXO Dª PILAR OROL MEL** | |
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista solicitude núm. 376 de 04/02/20 subscrita por Dª. PILAR OROL MEL con D.N.I. núm. ****8790Y con domicilio en Ponte da Pedra núm. 15, 1º da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, na que solicita o cambio de titular no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en Teixeiro núm. 7 da Parroquia de San Jorge, que antes figuraba a nome de D. Avelino Gacio Rico en Teixeiro núm. 7, e para que agora figure a nome de Dª. PILAR OROL MEL.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder ao solicitado con efectos do primeiro trimestre de 2020.

| |
|---|
| **Expediente 112/2020. TARXETA ESTACIONAMENTO MINUSVALIDO Dª NAZARET BARROSO CABALEIRO** |



Cod. Validación: APAH5JY7X6A3DZ37357HRTP5D | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 22 a 26

| Favorable | Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Vista a solicitude formulada por Dª. NAZARET BARROSO CABALEIRO con DNI. nº ****3335M, veciño de Calvo Sotelo núm, 30, 4º B da Parroquia de Santa María deste termo, na que insta a tarxeta de estacionamento para minusválidos e presenta copia da calificación de minusvalía.

Visto o artigo 14 da Lei 8/97 de 20 de agosto de Accesibilidade e Supresión de Barreiras no que se establece que nos aparcamentos que dan servicio aos edificios de uso público regulamentariamente establecerase o mínimo de prazas que deberán ser reservadas, debidamente sinalizadas, para o seu uso por personas con movilidade reducida, así como o seu emprazamento e accesos, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes ACORDA:

Conceder a taxjeta de estacionamento para minusválidos a Dª. NAZARET BARROSO CABALEIRO con DNI. nº ****3335M por cumprir os requisitos esixidos no artigo 14 da Lei 8/97 de 20 de agosto de Accesibilidade e Supresión de Barreiras.

**Expediente 22/2018. LIQUIDACIÓNS R CABLE Y TELECOMUNICACIÓNS GALICIA S.A.U. 4º TRIMESTRE 2019**

| Favorable | Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Visto o escrito presentado o 23/01/20 con número de rexistro de entrada núm. 20011279590 por D. Antonio Peiret Servent con D.N.I. núm. ****5298S, en representación de R CABLE TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A.U. con C.I.F. A-15.474.281 e domicilio a efectos de notificacións na rúa Real núm. 85 de A Coruña, no que solicita que se practique a liquidación da taxa por ocupación de subsolo, solo e voo polos ingresos brutos obtidos por servizos de telecomunicacións no municipio no cuarto trimestre do 2019 e que ascenden á cantidade de once mil noventa e un euros con trinta e dous céntimos (11.091,32).

Visto que R CABLE TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A.U foi adxudicatario da concesión administrativa para a prestación do servizo de telecomunicacións por cable nas demarcacións territoriais



Cod. Validación: APAH5JY7X6A3DZ37357HRTP5D | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 23 a 26

de Galicia e Santiago de Compostela.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria, ACORDA:

1º.- Aprobar a liquidación de Secretaría-Intervención da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do subsolo, solo e voo do dominio publico local do cuarto trimestre de 2019, segundo a cal deberá abonar cento sesenta e seis euros con trinta e sete céntimos (166,37.-) o cal supón o 1,5% dos ingresos brutos que ascenden á cantidade de once mil noventa e un euros con trinta e dous céntimos (11.091,32).

2º.- Notificar a R CABLE TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A.U, o presente acordo aos efectos de que proceda o abono da liquidación practicada.

| **Expediente 140/2020. AXUDA ECONOMICA C.E.I.P. "JUAN REY" PARA VIAXES CULTURAIS** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Visto o escrito presentado por D. V. Eduardo Iglesias Villar, Director do C.E.I.P. “Juan Rey” de Lourenzá en nome do Claustro do devandito Colexio, no que solicita unha axuda económica para sufragar os gastos de transporte para as viaxes culturais cos alumnos do Colexio durante o curso 2019/2020.

A Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e por unanimidade, ACORDA:

1º.- Conceder ao C.E.I.P. “Juan Rey” de Lourenzá unha axuda económica por importe de seiscentos euros (600,00), para o curso 2019/2020, para sufragar os gastos de transporte para as viaxes culturais cos alumnos do Colexio, debendo presentar declaración de non percibir outras axudas para este fin e en caso de recibilas, que a suma total non supere o 100% do orzamento total así como copia das facturas que xustifiquen dito gasto e os xustificantes de pago das mesmas.

2º.- Deberá constar na publicidade que se faiga das viaxes ou nas comunicacións que se fagan aos pais dos alumnos, que o Concello de Lourenzá colabora nas mesmas.

3º.- Notificar o presente acordo a D. Eduardo Iglesias Villar.



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: APAH5JY7X6A3DZ37357HRTP5D | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 24 a 26

**FACTURAS E CERTIFICACIÓNS.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

A Xunta de Goberno Local, en virtude das atribucións que lle foron conferidas pola Alcaldía mediante Resolución de data 18/07/2019, prestou aprobación por unanimidade dos presentes, ás FACTURAS que se relacionan a continuación:

| NOME E NIF. ACREDOR | NÚM. FACTURA E DATA | CONCEPTO | IMPORTE (IVE incluído) |
|---|---|---|---|
| SERVICIOS SOCIAIS SAN ROQUE CIF. B27333160 | Núm. SSPT20/34 de 02/02/20 | Servizo "Axuda no Fogar" Xaneiro. 2020 ( Domingos e Festivos) Dependencia/ 105,50 horas (desconto horas oferta) | 1.770,08 |
| SERVICIOS SOCIAIS SAN ROQUE CIF. B27333160 | Núm. SSPT20/35 de 02/02/20 | Servizo "Axuda no Fogar" Xaneiro 2020 (Incidencias Dependencia)/ 225,58 horas. (desconto horas oferta) | 3.272,71 |
| SERVICIOS SOCIAIS SAN ROQUE CIF. B27333160 | Núm. SSPT20/36 de 02/02/20 | Servizo "Axuda no Fogar" Xaneiro. 2020 (Incidencias Libre Concorrencia) / 57,50 horas. | 882,34 |
| CONCELLO BARREIROS/SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS SLU | Decembro/2019 | Recollida lixo | 11.828,92 |
| CONCELLO | Xaneiro / | Recollida lixo | 12.679,16 |



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: APAH5JY7X6A3DZ37357HRTP5D | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 25 a 26

| | | | |
|---|---|---|---|
| BARREIROS/SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS SLU | 2020 | | |
| **TOTAL** | | | **30.433,21** |

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

## C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: APAH5JY7X6A3DZ37357HRTP5D | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 26 a 26